

IES EDUARDO BLANCO AMOR
DEPARTAMENTO DE GREGO
PROGRAMACIÓN CURSO 2018-2019

Durante o curso 2018-2019, o Departamento de Grego do IES “Eduardo Blanco Amor” de Culleredo estará integrado únicamente por Dna M^a del Pilar Regueira Sánchez, que será Xefa do Departamento. Impartirá tamén Latín.

GREGO I (1º de Bacharelato).

ÍNDICE:

-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

-OBXECTIVOS DA ETAPA.

-OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA.

-CONTIDOS E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL.

-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.

-A EDUCACIÓN EN VALORES E O PLAN DE CONVIVENCIA.

-METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES.

-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

-PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL.

-MÍNIMOS ESIXIBLES.

-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

-PROGRAMA DE SEGUEMENTO DE PENDENTES.

-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

-PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

A materia Grego I é troncal de opción no Bacharelato de Humanidades, non sendo obrigatorio continuar co seu estudo no 2º curso. Tendo en conta isto, compre darlle á materia un tratamento que garanta una aproximación á lingua grega ao alumnado que non ten intención de volver a cursalo pero tamén una base aceptable ao alumnado que pretenda cursar Grego II.

Así, tratarase de proporcionar ao alumnado un coñecemento aceptable da morfoloxía grega e tamén unas nocións básicas de sintaxe e técnicas de tradución. Asímesmo, compre proporcionar ao alumnado un panorama amplo dabondo sobre a civilización e a historia de Grecia e sobre o léxico de orixe grega de maior repercusión nas nosas linguas.

OBXECTIVOS DA ETAPA:

- Asumir responsablemente os deberes, coñecer e exercer os dereitos no respecto cara ós demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a soliedariedade entre persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos das persoas como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercizo da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para una realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles/elas.
- Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- Fortalecer as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relación cós demais e rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacíficamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos e unha preparación correcta no campo das tecnoloxías, especialmente nas da información e comunicación.

-Concebir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos distintos campos do coñecemento e da experiencia.

-Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en sí mesmos/as, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

-Comprender e expresar correctamente na lingua ou linguas propias textos e mensaxes complexas e continuar có coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

-Comprender e expresarse axeitadamente nunha ou máis linguas estranxeiras.

-Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

-Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do dos demais, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar críticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e do medio ambiente, contribuindo á súa conservación.

-Aprezar a creación artística e comprender a linguaxe nas distintas manifestacións artísticas, empregando diversos medios de expresión e representación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA:

-Que o alumnado obteña un coñecemento aceptable da morfoloxía grega, así como nocións de sintaxe e técnicas de tradución que lle permitan a tradución de textos de progresivo nivel de dificultade con independencia dos seus estudos posteriores.

-Que o alumnado obteña un coñecemento aceptable do léxico grego aplicado aos distintos campos do saber.

-Que o alumnado adquira un coñecemento tal da civilización, historia e legado cultural de Grecia que lle permita ser consciente da verdadeira importancia do mundo clásico na actualidade.

CONTIDOS E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL:

-1ª AVALIACIÓN:

INTRODUCCIÓN: Á LINGUA GREGA:

1-A creación do alfabeto grego.

2-Os signos ortográficos.

I-A EXPLICACIÓN DO MUNDO PARA OS GREGOS:

1-Explicación mítica da orixe do mundo.

2-A interpretación racioal da natureza.

II-O MARCO XEOGRÁFICO DE GRECIA.

III-DA GRECIA ARCAICA Á GRECIA CLÁSICA:

1-A civilización minoica.

2-A civilización micénica.

3-A época arcaica.

4-A época clásica.

IV-DA GRECIA CLÁSICA AO HELENISMO:

1-Alexandre Magno.

2-Os reinos helenísticos.

3-A ciencia e cultura no helenismo.

a-Creación artística e literaria.

b-A ciencia.

c-A filosofía.

d-A relixión.

V-HELENISMOS (I).

VI-O VERBO GREGO.

VII-O PRESENTE DE INDICATIVO:

1-Presente de indicativo activo e medio-pasivo dos verbos temáticos.

2-Presente de indicativo activo dos verbos contractos.

3-Presente de indicativo de εἶμι.

VIII-OS CASOS GREGOS E AS SÚAS FUNCIÓNS.

IX-A DECLINACIÓN:

1-Declinación do artigo.

2-Declinación de substantivos e adxectivos.

X-A 1ª DECLINACIÓN.

XI-A 2ª DECLINACIÓN.

XII-ADXECTIVOS DAS DECLINACIÓNS 1ª E 2ª:

1-Adxectivos 2. 1. 2.

2-Adxectivos 2. 2.

XIII-O INFINITIVO DE PRESENTE:

1-Formación.

2-Sintaxe.

XIV-OS PRONOMES DEMOSTRATIVOS.

XV-OS PRONOMES PERSOAIS.

-2ª AVALIACIÓN:

I-INSTITUCIÓN PARA A PAZ:

1-Atenas.

2-Esparta.

II-INSTITUCIÓN PARA A GUERRA:

1-O exército ateniense.

2-O exército espartano.

III-AS CLASES SOCIAIS:

1-Atenas.

2-Esparta.

IV-SOCIEDADE, EDUCACIÓN E LECER:

1-A muller en Grecia.

2-Os anciáns.

3-A infancia e a educación.

4-O lecer.

V-HELENISMOS (II).

VI-A 3ª DECLINACIÓN (I):

1-Temas en oclusiva.

2-Temas en -ρ.

3-Temas en -λ.

VII-O PRETÉRITO IMPERFECTO:

1-O pretérito imperfecto regular.

2-O pretérito imperfecto de εἶμι.

VIII-O PARTICIPIO DE PRESENTE:

1-Formación.

2-Sintaxe.

IX-O ADXECTIVO-PRONOME INTERROGATIVO INDEFINIDO.

X-OS ADXECTIVOS DA 3ª DECLINACIÓN.

-3ª AVALIACIÓN:

I-A RELIXIÓN:

1-O mito.

2-Characterísticas da relixión grega.

II-A FILOSOFÍA E A CIENCIA:

1-Os presocráticos.

2-Os sofistas.

3-Sócrates.

4-Platón.

5-Aristóteles.

6-As escolas helenísticas.

7-A ciencia na antiga Grecia.

III-A LITERATURA GREGA (dado que en Grego II se abordará un estudo exhaustivo dos xéneros literarios gregos, este apartado é só una introducción ós mesmos e non será obxecto de exame).

1-Época arcaica:

a-A épica.

b-A lírica.

2-A época clássica:

a-A prosa histórica.

b-A retórica e oratoria.

c-O teatro.

3-A época helenística.

IV-A ARTE GREGA:

1-Os templos.

2-A escultura.

V-HELENISMOS (III).

VI-O AORISTO:

1-Aoristo sigmático.

2-Aoristo temático.

VII-OS NUMERAIS.

VIII-O PARTICIPIO E INFINITIVO DE AORISTO.

IX-A 3ª DECLINACIÓN (II):

1-Temas en -vr.

-Temas en silbante.

-Temas en vocal y diptongo.

X-O PRONOME RELATIVO; AS ORACIÓNS DE RELATIVO.

XI-O FUTURO:

1-Futuro temático.

2-Futuro de εἶμι.

XII-OS GRAOS DO ADXECTIVO:

1-O comparativo de superioridade.

2-O superlativo.

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC:

Levaranse a cabo mediante actividades de busca en Internet, presentación fotográficas e proxección de fragmentos de películas e documentais.

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR:

Adicarase una parte da clase á lectura, traducción e comentario baixo supervisión de textos de dificultade progresiva. Este traballo será tido en conta para modificar ou retocar cualificacións.

A EDUCACIÓN EN VALORES E O PLAN DE CONVIVENCIA:

Tratarase de mellorar a convivencia escolar e polo tanto evitar conflitos. Con tal fin, compe fomentar no alumnado certos valores, sobre todo a tolerancia e o respecto á diversidade, por razón de raza, sexo, relixión, ideoloxía e situación socio-económica.

Neste sentido resultarán moi útiles as lecturas de textos gregos e o visionado de fragmentos de películas e documentais, xa que neles aparecen reflectidos moitos aspectos da historia e cultura gregas e resulta moi útil a comparación con eses mesmos aspectos da cultura actual. As devanditas actividades propiciarán a reflexión e o debate e, en consecuencia, a concienciación por parte do alumnado de que han de adoptar certos valores.

METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES:

Non se empregará libro de texto, senón que o alumnado disporá dunha copia fotocopiábel de apuntes axeitados.

Dentro da aula compaxinarase a lección maxistral coa realización baixo supervisión de actividades axeitadas.. As explicacións complementarase coa proxección de presentacións fotográficas e fragmentos de películas e documentais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Coñecer e localizar nun mapa o marco xeográfico da lingua grega (Lingua grega).	Localizar nun mapa o marco xeográfico no que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión.	CD CSC
Explicar a orixe da lingua grega a través do indoeuropeo (Lingua grega).	Explicar a orixe da lingua grega e a relación con outras linguas indoeuropeas.	CAA CCEC
Coñecer as diferentes etapas da historia da lingua grega (Lingua grega).	Coñecer as etapas da evolución do grego dende o micénico ata o grego moderno.	CCL
Coñecer a orixe do alfabeto grego (Sistema do grego).	Explica a orixe do alfabeto grego describindo a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio.	CCL
Coñecer, escribir e ler correctamente os caracteres do alfabeto grego, (Sistema do grego).	Identificar e nomear os caracteres do alfabeto grego, escribíndoos e léndoos correctamente.	CCL

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Coñecer os acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación (Sistema do grego).	Coñecer o valor dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación.	CCL
Coñecer o concepto de flexión. (Morfoloxía)	Distinguir una lingua flexiva doutra non flexiva.	CCL
Distinguir e clasificar as distintas categorías de palabras a partir do seu enunciado (Morfoloxía).	Distinguir palabras variables e invariables explicando as súas diferencias.	CCL
Coñecer, identificar e distinguir os distintos formantes das palabras (Morfoloxía).	Identificar e distinguir en palabras propostas os seus formantes.	CCL/CAA
Comprender o concepto de declinación (Morfoloxía).	Enunciar distintos tipos de palabras en grego.	CCL
Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación, declinalas correctamente, analizar e traducir formas nominais e pronominais (Morfoloxía).	Declinar palabras e sintagmas en concordancia. Analizar morfolóxicamente e traducir palabras e sintagmas.	CCL CCL
Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analízalas morfolóxicamente e tradúcilas (Morfoloxía).	Conxugar tempos verbais en voz activa e medio-pasiva. Analizar morfolóxicamente e traducir diferentes formas verbais.	CCL CCL

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Diferenciar as formas persoais e non persoais do verbo e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha delas (Morfoloxía).	Distinguir formas persoais e non persoais dos verbos explicando os trazos que permiten identificalas e definindo criterios para clasificalas.	CCL
Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración (Sintaxe).	Analizar morfosintácticamente frases e textos sinxelos.	CCL
Coñecer e identificar os nomes e funcións dos casos e saber traducilos adecuadamente (Sintaxe).	Enumerar os nomes dos casos gregos explicando as súas funcións e ilustrando con exemplos a forma de traducilos.	CCL
Coñecer o concepto de concordancia (Sintaxe).	Coñecer e aplicar a concordancia entre nomes e determinantes e entre verbos e suxeitos.	CCL
Recoñecer os elementos da oración (Sintaxe).	Analizar correctamente casos e funcións para poder recoñecer os elementos da oración.	CCL
Recoñecer e clasificar os distintos tipos de oracións (Sintaxe).	Comparar e clasificar distintos tipos de oracións identificando e explicando as súas características.	CCL
Coñecer as funcións dos infinitivos e participios nas oracións (Sintaxe).	Identificar as funcións dos infinitivos e participios comparando distintos exemplos do seu uso.	CCL

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Coñecer, comprender e utilizar os elementos morfosintácticos do grego e iniciarse na interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva (Sintaxe).	Identificar nas frases e textos elementos morfosintácticos propios do grego.	CCL
Coñecer os feitos históricos dos periodos da historia de Grecia, encadralos no periodo correspondente e realizar eixes cronolóxicos (Grecia: historia, cultura, arte e civilización).	<p>Describir o marco histórico da civilización grega.</p> <p>Elaborar eixes cronolóxicos nos que se representen fitos históricos relevantes.</p> <p>Saber enmarcar feitos históricos na civilización e periodo correspondentes.</p>	<p>CD/CSC/CCEC</p> <p>CD/CMCCT</p> <p>CCEC</p>
Coñecer e comparar as principais formas de organización política e social da antiga Grecia (Grecia: historia, cultura, arte e civilización).	Describir e comparar os principais sistemas políticos da antiga Grecia.	CSC
Coñecer a composición da familia e os roles asignados aos seus membros (Grecia: historia, cultura, arte e civilización).	Identificar e explicar os diferentes papeis desempeñados polos distintos membros da familia en Grecia.	CSC
Identificar as diferentes formas de traballo e lecer existentes na antigüidade (Grecia: historia, cultura, arte e civilización).	<p>Identificar e describir as principais formas de traballo.</p> <p>Describir as principais formas de lecer da sociedade grega.</p>	<p>CMCCT/CSC/CSIEE</p> <p>CSC</p>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Coñecer os principais deuses da mitoloxía grega (Grecia: historia, cultura, arte e civilización).	Nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes sinalando os trazos que os caracterizan.	CCL CCEC
Coñecer e comparar as características da relixiosidade e relixión grega coas actuais (Grecia: historia, cultura, arte e civilización).	Enumerar e explicar as principais características da relixión grega comparándoa con manifestacións relixiosas doutras culturas.	CCEC
Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais (Grecia: historia, cultura, arte e civilización).	Describir e analizar os aspectos relixiosos e culturais dos certámenes deportivos gregos e a súa presenza ou ausencia nos actuais.	CCEC
Coñecer as ideas dos principais filósofos gregos (Grecia: historia, cultura, arte e civilización).	Enumerar e explicar as ideas dos principais filósofos gregos.	CSC
Coñecer e aplicar os coñecementos precisos para a tradución e interpretación de frases e textos de dificultade progresiva (Textos).	Utilizar a análise morfosintáctica para traducir correctamente frases e textos.	CCL
Iniciarse no uso do dicionario (Textos).	Utilizar o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade.	CCL

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Comparar as estruturas gregas coas da propia lingua (Textos).	Establecer diferenzas entre as estruturas do grego e as da propia lingua.	CCL
Coñecer, identificar e traducir os principais helenismos (Léxico).	Identificar os principais helenismos e explicar o seu significado remontándose ó étimo correspondente.	CCL

O procedemento principal será a realización de dous exames por trimestre, que incluírán cuestións de morfoloxía (4 puntos), análise morfosintáctica e tradución de frases (3 puntos), léxico (1,5 puntos) e historia, cultura, arte e civilización (1,5 puntos). A nota da avaliación será a media aritmética dos dous exames, pero non se fará media con menos de 3 puntos e é obrigatorio aprobar o último exame de cada avaliación. Para acadar o aprobado compre obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. O alumnado suspenso terá dereito a unha recuperación na que, en ningún caso, obterá unha cualificación superior a 5.

Para obter o aprobado final, a media aritmética das 3 avaliacións deberá ser igual ou superior a 5 puntos, sendo obrigatorio aprobar polo menos dúas avaliacións (unha delas debe ser a última). O alumnado suspenso terá dereito a unha repesca final na que, en ningún caso, obterá unha cualificación superior a 5.

Compre advertir que a cualificación final poderá verse modificada ou retocada en base á correcta realización das actividades requiridas (deduciranse 0,5 puntos da nota de cada avaliación por cada 3 veces que non as realicen) e a actitude e esforzo amosados polo alumnado.

Polo que respecta ao exame de Setembro, versará sobre toda a materia impartida durante o curso e poderanse obter cualificacións de 1 a 10.

O alumnado que sexa sorprendido copiando ou tratando de facelo quedará suspenso, Asimesmo, non se realizarán exames fora de data sen xustificación médica.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

-O alfabeto grego.

-O artigo.

-As 3 declinacións (sustantivos e adxectivos).

-Presente, pretérito imperfecto e futuro de indicativo activo de εἶμι e λυῶ.

-Aoristo de indicativo activo de λυῶ.

-Infinitivos e participios activos de εἶμι e λυῶ. Construcións de infinitivo e participio.

-Pronomes persoais e demostrativos.

-O pronome relativo; as oracións de relativo.

-Análise e traducción de frases sinxelas.

-As clases sociais en Grecia.

-Institucións para a paz e a guerra

-Educación e lecer.

-Os deuses Olímpicos.

-A filosofía e a ciencia.

-Os templos e esculturas gregas.

PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL:

Realizarase una pequena proba consistente en conxugar tempos verbais e analizar frases en galego/castelán para comprobar o nivel de morfoloxía e sintaxe acadado polo alumnado en cursos anteriores.

PROGRAMA DE SEGUIMIENTO DE PENDENTES:

Dado que Grego I é unha materia cursada por primeira vez en 1º de Bacharelato, non hai alumnado pendente do curso anterior.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS:

Se procede, levaranse a cabo, mesmo en colaboración con outros departamentos, visitas a museos e/ou recintos arqueolóxicos. A realización das devanditas visitas estará codicionada ao comportamento do alumnado e á dispoñibilidade de datas e profesorado acompañante, e será notificada ó Consello Escolar e a todos/as os/as interesados/as con antelación dabondo.

INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN:

A programación será obxecto de permanente revisión, có obxecto de poder corrixir cada curso académico os aspectos que sexan mellorables.

GREGO II (2º de Bachillerato).

-ÍNDICE:

-INTRODUCCIÓN.

-OBXECTIVOS DA ETAPA.

-OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA.

-CONTIDOS E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL.

-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

-A EDUCACIÓN EN VALORES E O PLAN DE CONVIVENCIA.

-METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES.

-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

-PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL.

-MÍNIMOS ESIXIBLES.

-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

-PROGRAMA DE SEGUIMIENTO DE PENDENTES.

-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

-PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.

INTRODUCCIÓN:

A materia Grego II é unha das que son obxecto de examen voluntario na ABAU.

Durante o 2º curso do Bacharelato, compre afianzar os contidos morfosintácticos e de léxico adquiridos no curso anterior (polo que se levará a cabo un repaso dos mesmos) e introducir outros novos, de tal xeito que permitan a tradución de textos orixinais de dificultade progresiva e moderada coa axuda do dicionario (de uso obrigatorio, polo que o alumnado deberá adquirir un).

Por outra banda, o estudo da civilización grega centrarase no dos principais xéneros literarios.

OBXECTIVOS DA ETAPA (cf “Grego I”).

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA (cf “Grego I).

CONTIDOS E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL:

1ª AVALIACIÓN:

-Repaso de contidos de 1º (o artigo, declinacións 1ª e 2ª, Adxectivos 2. 1. 2 e 2. 2, graos do adxectivo, pronomes demostrativos, presente e pretérito imperfecto de εἶμι e λυω).

-O presente e pretérito imdicativo de εἶμι y λυω.

-Presente e pretérito imperfecto subxuntivo de εἶμι, e λυω.

-Presente e pretérito imperfecto optativo de εἶμι e, λυω

-Funcións dos casos gregos.

-Construcións de participio.

-Construcións de infinitivo.

-Proposicións subordinadas completivas introducidas por conxuncións.

-Tradución de textos introductorios.

-Literatura (I): a épica; a lírica.

-Helenismos (I).

-2ª AVALIACIÓN:

-Repaso de contidos de 1º (3 declinación, adxectivos 3. 1. 3, pronome relativo, pronome interrogativo-indefinido, pronomes persoais, futuro de indicativo de εἶμι e futuro e aoristo de indicativo de λυω).

-Futuro optativo de λυω e aoristo subxuntivo e optativo de λυω.

-O imperativo.

-Proposicións interrogativas.

-Proposicións subordinadas adxectivas.

-Proposicións subordinadas adverbiais comparativo-modais.

-Proposicións subordinadas adverbiais consecutivas.

-Proposicións subordinadas adverbiais finais.

-Traducción de textos (Xenofonte).

-Literatura (II): a traxedia; a comedia.

-Helenismos (II).

-3ª AVALIACIÓN:

-Repaso de contidos de 1º (3ª declinación, adxectivos 3. 3, pronomes reflexivos).

-Pretérito perfecto e pluscuamperfecto completo de λυω.

-A voz pasiva.

-Proposicións subordinadas adverbiais causais.

-Proposicións subordinadas adverbiais temporais.

-Proposicións subordinadas adverbiais condicionais.

-Proposicións subordinadas adverbiais concesivas.

-Traducción de textos (Platón).

-Literatura (III): a historiografía; a filosofía.

-Helenismos (III).

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC (cf “Grego I”).

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR (cf “Grego I).

A EDUCACIÓN EN VALORES E O PLAN DE CONVIVENCIA (cf “Grego I”).

METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES (cf “Grego I”).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (cf “Grego I”).

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa (Lingua grega).	Delimitar ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	CCL CD CCEC
Comprender a relación entre o grego clásico e o moderno e sinalar nun mapa trazos básicos que permiten percibir o proceso de evolución (Lingua grega)	Comparar termos do grego clásico e os seus equivalentes no grego moderno constatando as semellanzas e diferenzas.	CCL CAA

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico (Lingua grega).	Coñecer a pronuncia da lingua grega moderna e utilizar algunhas palabras e expresións básicas.	CCL
Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de todo tipo de formas nominais, verbais e pronominais (Morfoloxía).	Recoñecer con seguridade e coa axuda do dicionario todo tipo de formas nominais, verbais e pronominais, declinándoas ou conxugándoas e sinalando os seus equivalentes en galego e/ou castelán.	CCL
Coñecer as categorías gramaticais (Morfoloxía).	Nomear e describir as categorías gramaticais sinalando as características que as distinguen.	CCL
Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras (Morfoloxía).	Identificar e distinguir en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes.	CCL
Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto (Morfoloxía).	Saber determinar a forma, clase e categoría gramatical das palabras dun texto con axuda do dicionario.	CCL
Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal (Sintaxe)	Recoñecer os valores dos casos e os usos dos pronomes en frases e textos.	CCL
Recoñecer o uso das preposicións (Sintaxe)	Recoñecer os valores das preposicións e identificar os complementos circunstanciais.	CCL

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Coñecer e identificar os usos modais propios da lingua grega (Sintaxe).	Coñecer, identificar e traducir correctamente os usos modais propios da lingua grega.	CCL
Recoñecer e clasificar as oracións e construcións sintácticas (Sintaxe)	Recoñecer e clasificar oracións e construcións sintácticas.	CCL
Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas (Sintaxe).	Recoñecer, clasificar, analizar e traducir correctamente os nexos subordinantes.	CCL
Coñecer as función das formas non persoais do verbo (Sintaxe).	Identificar formas non persoais do verbo en frases e textos, traducilas correctamente e explicar as función que desempeñan. Coñecer, analizar e traducir correctamente as construción de participio, relacionándoas con construción análogas existentes nas linguas coñecidas.	CCL CCL CCEC
Coñecer as características dos xéneros literarios gregos e os autores e obras máis representativos e a súa influencia na literatura posterior.	Describir as características esenciais dos xéneros literarios gregos e identificar e sinalar a súa presenza nos textos propostos.	CCL CCEC
Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario, características e estrutura (Literatura)	Realizar eixes cronolóxicos situando autores e obras. Recoñecer o xénero literario, características e estrutura dun texto.	CMCCT CCEC CCL

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e cultura europea occidental (Literatura)	Explorar a conservación dos xéneros e temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, analizando o distinto uso que se fixo dos mesmos.	CCL CCEC
Establecer relación entre a literatura clásica e a posterior (Literatura)	Poder establecer relación entre a literatura clásica e a posterior.	CCEC
Coñecer os principais autores e obras (Literatura).	Nomear autores representativos da literatura grega encadrándoos no seu contexto cultural e citando e explicando as obras máis coñecidas.	CD CCEC
Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos do grego na interpretación e tradución de textos (Textos).	Utilizar axeitadamente a análise morfolóxica de textos para poder traducilos correctamente.	CCL
Utilizar o dicionario e buscar o termo máis axeitado na lingua propia para traducir un texto (Textos).	Utilizar con seguridade e autonomía o dicionario para traducir textos, identificando o termo máis axeitado en cada caso.	CCL CD
Traducir, interpretar e facer o comentario lingüístico, literario e histórico de textos gregos clásicos (Textos)	Aplicar os coñecementos adquiridos para o comentario de textos.	CCL CCEC

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Identificar as características formais dos textos (Textos).	Recoñecer e explicar a partir de elementos formais o xénero e propósito do texto.	CCL
Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado e remontalos aos étimos gregos orixinais (Léxico)	Identificar os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado e explicar o seu significado a parte dos étimos gregos orixinais.	CCL
Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou doutras obxecto de estudo (Léxico).	Deducir e explicar o significado de palabras da propia lingua ou doutras obxecto de estudo a partir dos termos gregos dos que proceden.	CCL
Coñecer, identificar e traducir o léxico grego (Léxico)	Explicar o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e castelán. Deducir o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras en linguas coñecidas.	CCL CCL
Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica (Léxico).	Comprender e explicar a relación entre diferentes termos da mesma familia etimolóxica ou semántica.	CCL
Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da propia lingua (Léxico).	Recoñecer e distinguir a partir do étimo grego cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos explicando as diferentes evolucións producidas.	CCL

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Recoñecer e identificar os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico para entender os das palabras nas linguas actuais (Léxico).	Descompoñer palabras do grego clásico e da propia lingua nos seus formantes explicando o seu significado.	CCL

O procedemento principal será a realización dun exame por trimestre, que será igual ao da ABAU. O alumnado suspenso terá dereito a unha recuperación á que poderá concurrir tamén o alumnado que desexe mellorar a súa cualificación. Ao remate da última avaliación haberá un exame global ao que deberá concorrer todo o alumnado.

A cualificación final será media aritmética das obtidas nas tres avaliacións, sempre e cando sexa igual ou superior a 5 e se acade o aprobado en dúas avaliacións, sendo, ademáis, obrigatorio que unha delas sexa a última. O exame de Setembro responderá ao mesmo modelo dos anteriores e as cualificacións oscilarán entre 1 e 10.

O alumnado que sexa sorprendido copiando ou tratando de facelo quedará automaticamente suspenso. Asimesmo, non se realizaran exames fora de data sen xustificación médica.

PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL:

Realizarase unha proba que incluírá exercicios de declinación e conxugación e análise e tradución de frases ou dun pequeno texto.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

-Declinación do artigo.

-As tres declinacións de sustantivos e adxectivos.

Declinación dos pronomes persoais, demostrativos, o relativo ος-η-ο e o interrogativo-indefinido τις-τι .

-Graos do adxectivo.

- Conxugación completa de λυω e ειμι.
- Usos dos casos.
- Construcións de infinitivo e participio.
- Proposicións subordinadas completivas introducidas por conxuncións.
- Proposicións subordinadas adxectivas de relativo.
- Proposicións subordinadas adverbiais.
- Análise e tradución de textos de dificultade moderada (Xenofonte e Platón).
- Xéneros literarios: épica, lírica, teatro, historiografía e filosofía.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (cf “Grego I”).

PROGRAMA DE SEGUIMIENTO DE PENDENTES:

Para o curso 2018-2019 hai alumnado de Grego II que non cursou Grego I. Levaráse a cabo un repaso dos contidos estudados en Grego I e o devandito alumnado irá realizando exames periódicos ao longo do curso dos devanditos contidos para poder aprobar Grego I.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS (cf “Grego I”).

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN (cf “Grego I”).

Culleredo, Setembro de 2018.

Mª del Pilar Regueira Sánchez.

Xefa do Departamento.